

Expediente núm.: 797/2023

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Expediente relacionado: 244/2022

Asunto: Subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) para o exercicio do ano 2023

Obra/servizo subvencionado: Tarefas de silvicultura e limpeza de montes (Peón forestal)

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR:
EXPEDIENTE DE SELECCIÓN SUBVENCIÓN APROL RURAL 2023 (PEÓN FORESTAL)**

Nas instalacións do Concello do Pereiro de Aguiar – Praza do Concello, 1 -, sendo as 09:50 horas do día 4 de maio de 2023, procédese á constitución do Tribunal que vulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **de tres (3) prazas de peón forestal (persoal laboral temporal)**, do proceso de selección de persoas desempregadas para a obra/ servizo “Tarefas de silvicultura e limpeza de montes” (peóns forestais), ao abeiro do disposto no artigos 14 e 15 da ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 22, do mércores 1 de febreiro de 2023).

Estando presentes os membros do Tribunal Cualificador que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituída na seguinte forma:

Presidente : José Antonio Cerdeira Pérez, secretario – interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretaria: Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: M^a del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

José Antonio Rodríguez Barros, operario de servizos varios municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Decídese por unanimidade tratar o seguinte asunto: iniciar o proceso de selección necesario para a contratación de persoas desempregadas para a obra/servizo “Tarefas de silvicultura e limpeza de montes” (peóns forestais).

Unha vez analizados e debatidos os documentos de xeito oportuno, tomáronse por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1. Iniciar a selección de persoal coa comprobación dos requisitos e adecuación aos postos de traballo ofertados, aplicando os criterios previstos na ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (DOG núm. 22, do mércores 1 de febreiro de 2023), no relativo aos perfís das persoas.
2. Proceder a realizar un exame ás persoas candidatas convocadas pola oficina de emprego de xestión da oferta de emprego (Ourense – A Ponte) para hoxe día 04.05.2023 ás 10:00 horas, para determinar a adecuación ao posto de traballo na

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (1 para 6)
SECRETARIO - INTERVENTOR
Data de Sinatura: 08/05/2023
HASH: e526107c0907eb6832af9fb22fb912



YAJAIRA LAGE BLANCO (2 para 6)
AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
Data de Sinatura: 08/05/2023
HASH: aa4808b1138ba15c656f7c8d1fd9e33d



JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ BARROS (3 para 6)
Obras e servizos
Data de Sinatura: 08/05/2023
HASH: 11ea4ac2b4b44169492a211e49f65f84





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

ocupación "peón forestal", a realizar nun tempo máximo de 15 minutos. No caso necesario, o Tribunal Cualificador poderá recorrer a técnicos do Concello ou solicitar informes co obxecto de determinar as persoas máis axeitadas para o referido posto de traballo.

O exame consistirá en contestar a 10 preguntas tipo test con respostas alternativas e 2 de reserva sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario publicado no taboleiro de anuncios do Concello do Pereiro de Aguiar e na páxina web (www.concellopereiro.com), xunto coas correspondentes bases de selección en data 20.04.2023:

TEMARIO

Tema 1. Materiais, útiles e ferramentas utilizadas polos peóns forestais. Maquinaria e ferramenta.

Tema 2. Repoboacións forestais. Silvicultura. Prevención de incendios forestais.

Tema 3. Prevención de riscos laborais relacionados co posto de traballo. Primeiros auxilios.

A cualificación será: A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 puntos para aprobar.

3. Na realización dunha proba de galego (no día da data), consistente na tradución directa dun texto elixido polo Tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 15 minutos.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.

Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

4. A ocupación e número de postos de traballo obxecto de contratación son:
 - 3 peóns forestais

Non se producen intervencións e non tendo outro asunto para tratar dáse por concluído o acto sendo as 10:00 horas do día da data, asinando os seus membros en conformidade.

Asinantes: O presidente, José Antonio Cerdeira Pérez, a secretaria, Yajaira Lage Blanco, os/as vogais, M^a del Pilar Conde Lorenzo, José Antonio Rodríguez Barros e José Antonio González Gallego.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GALLEGO (4 para 5)
ENCARGADO SERVIZOS VARIOS
Data de Sinatura: 08/05/2023
HASH: 7a148dff1b58244522141a063a8f3e44



Merie del Pilar Conde Lorenzo (5 para 5)
AUXILIAR ADMINISTRATIVO
Data de Sinatura: 08/05/2023
HASH: 532061573ee88e94140a132f9bc28f46

